

Estimado Sr (a):

Desde a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e no marco do proxecto europeo AGFORWARD temos o pracer de convidalo a un encontro o **próximo día 21 de outubro no edificio da Casa da Cultura** (Rúa Campo da Feira, s/n – 15817 Boimorto. Acceso pola rua xunta a ABANCA) **de 10:30 a 18 horas**. O encontro incluirá pola mañá unha presentación do proxecto e unha mesa redonda encamiñada a debater o papel que as árbores frutais ou de produción de madeira de calidade pode ter no sector de produción de cultivos e forraxes en Galicia dende un punto de vista produtivo e ambiental. Pola tarde, despois do xantar, ao que convidan os organizadores da xuntanza, visitaremos a empresa Bosques Naturais, na que se combina a produción de millo ou o pastoreo con gando ovino coa produción de madeira de calidade como a cerdeira e a nogueira...

Trátase de organizar un encontro no que participarán produtores, transformadores e comercializadores do sector forestal e agrogandeiro de Galicia e que permita identificar dificultades concretas que se poidan resolver a través da investigación. Baseándonos nas problemáticas detectadas, deseñaranse ensaios en colaboración cos propietarios dos montes e dos terreos agrícolas. Para elo, e dependendo dos problemas a resolver, precisaríamos da colaboración de propietarios durante un período de 3 anos. Neste período a xestión dos terreos será desenvolvida polos propietarios do xeito habitual e os ensaios serán desenvolvidos pola USC. Todos os traballos relacionados coas investigacións non terán custo algún para os propietarios, os cales recibirán os resultados dos mesmos (análise de solo, produción forestal e de cultivos).

Ao final do estudo faranse tamén reunións semellantes á que estamos poñendo de cara a analizar e discutir os resultados obtidos.

Aínda que os temas a tratar xurdirán no seo da xuntanza, co ánimo de ir centrando os debates, consideramos que, entre outros aspectos, se podería tratar sobre a produción de millo, trigo, plantas medicinais en plantacións de madeiras de calidade ou a incorporación de árbores a moi baixa densidade e en zoas nas que non afecten a produción en terreos agrarios así como a posibilidade da combinación da produción de castaña coa de cogumelos, mel, plantas medicinais, pequenos froitos, cultivos enerxéticos...

Na reunión faranse tamén enquisas para coñecer as problemáticas do sector dende un punto produtivo e de cara a mellorar o financiamento e as axudas procedentes da Política Agraria Común da Unión Europea.

Confirmen a súa asistencia ao correo electrónico: mrosa.mosquera.losada@usc.es ou en utm23gdr@yahoo.es
Un saúdo

Rosa Mosquera
Directora do Departamento de Producción Vexetal
Presidenta da Federación Europea de Asociacións Agroforestais (EURAF)